



## PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ASESORAMIENTO NA PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL E NO APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL NO ÁMBITO DO PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO  
DE GALICIA  
PRESIDENCIA



### R E U N I D O S


Dunha parte o Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.

Doutra, D. Manuel Martínez Pan, delegado territorial de Galicia da Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE), que actúa ao abeiro das facultades que se recollen na escritura outorgada ante o notario de Madrid D. José María Mateos Salgado o 4 de febreiro de 2019, con número 381 do seu protocolo.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

### E X P O Ñ E N

**Primeiro.-** Ao Parlamento de Galicia, como poder público da Comunidade Autónoma e segundo o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspónelle promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social. O Parlamento, no exercicio das súas potestades e consonte a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, adoptada





polas Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006 e ratificada por España o 3 de maio de 2008, asume este compromiso, promovendo e consolidando as posibles medidas e os medios necesarios de cara á consecución dunha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía galega, especialmente a das persoas con discapacidade.

**Segundo.-** O Parlamento, comprometido coa integración das persoas con discapacidade visual, foi no 2012 a primeira cámara lexislativa de España en contar cunha aplicación de voz que permite escoitar os diferentes contidos publicados na súa páxina web. Neste sentido, consciente de que a visión representa un papel central na autonomía e desenvolvemento das persoas, quere seguir poñendo os medios necesarios e eficaces para que as persoas con discapacidade visual poidan desenvolverse de forma autónoma nos seus desprazamentos, actividades, acceso á información e a participación no ámbito da Cámara galega.

**Terceiro.-** Segundo o disposto no artigo 6 dos Estatutos vixentes da ONCE publicados mediante Orde SSI/924/20136, do 8 de xuño (BOE do 11 de xuño de 2016), a misión social da ONCE é dar unha resposta institucional e actual ao proxecto histórico de emancipación e vida digna e independente das persoas españolas con cegueira ou deficiencia visual grave, procurando o pleno gozo dos dereitos que lles recoñece o ordenamento xurídico. Para o cumprimento da dita misión, a ONCE persegue, como fins esenciais, a consecución da autonomía persoal, a plena inclusión social e os dereitos de cidadanía, a igualdade de oportunidades e non-discriminación, e a minoración do impacto que a cegueira ou deficiencia visual grave presenta na vida dos seus afiliados.

**Cuarto.-** É vontade de ambas as institucións colaboraren no desenvolvemento de iniciativas conxuntas que favorezan a integración das persoas con discapacidade visual no eido social galego, en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto e fins do Protocolo

O presente Protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a ONCE, para fixar o marco xeral de actuación para o deseño e realización de actividades principalmente en dous eidos:


- Laboral: a través de actividades de formación para o emprego, orientación e mediación laboral e/ou apoio e información para a adaptación de postos de traballo, entre outras, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas traballadoras con discapacidade visual que puideran prestar servizos na Administración do Parlamento de Galicia, ben como persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e interino ou laboral de carácter temporal, ben como persoal en prácticas e/ou formación.
- Accesibilidade universal: mediante actuacións dirixidas a asegurar, no ámbito do Parlamento de Galicia, a participación das persoas con discapacidade visual, en igualdade de condicións que o resto da poboación, e enténdese por isto non só a accesibilidade no medio físico, senón tamén o acceso á información e á comunicación como xeito de garantir a autonomía e a plena participación.

### Segunda.- Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a ONCE, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste Protocolo, acordan colaborar na consecución dos seus fins, a través de accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración.

Para tal fin ambas as partes comprométense a desenvolver no futuro actividades no eido da formación e da accesibilidade universal, tales como as relativas á preparación e desenvolvemento de:

- Cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos no Parlamento de Galicia das persoas traballadoras con discapacidade visual, que serán impartidos por persoal do Parlamento de Galicia co apoio de persoal da ONCE.
- Apoyo no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo das persoas traballadoras con discapacidade visual, así como do persoal que realiza funcións de referencia no seu contorno laboral.
- Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para as persoas traballadoras con discapacidade visual, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.
- Asesoramento de cara ao obxectivo de accesibilidade universal, para as persoas con discapacidade visual, no ámbito dos programas e actos levados a cabo desde o Departamento de Relacións Cidadás do Parlamento que abarcan:
  - » os dirixidos ao fomento de coñecemento da Cámara galega, especialmente ao programa de visitas guiadas;
  - » os actos conmemorativos, institucionais, culturais e sociais do lexislativo galego;
  - » os programas educativos que se realizan na sede parlamentaria ou daqueles que sendo promovidos polo Parlamento se desenvolvan noutras lugares.
- Asesoramento para o establecemento e aplicación de criterios e estándares nas actividades e proxectos sobre o contorno físico á hora de deseñar e levar a cabo obras ou de adaptar e conservar o contorno construído da sede do Parlamento de forma que alcancen, manteñan e melloren os seus niveis de accesibilidade.
- Formación do persoal do Parlamento para a planificación e desenvolvemento das actividades que se levan a cabo no ámbito da



Cámara de forma axeitada ás necesidades específicas das persoas con discapacidade visual, facendo especial fincapé nas concernentes ao programa de visitas guiadas e ao persoal encargado destas, co obxectivo de conseguir o máximo aproveitamento da visita, coñecer en profundidade tanto o funcionamento da Institución como a arquitectura da sede e a colección de arte que alberga.

- Elaboración dun guión-manual de boas prácticas na interacción coas persoas con discapacidade visual, que inclúa as pautas de actuación específicas que garantan a súa participación en igualdade de condicións que o resto da cidadanía.
- Apoio no proceso de representación no sistema de lecto-escritura braille da información susceptible de uso por parte de persoas cegas ou con baixa visión, no ámbito do Parlamento, tales como a adaptación das guías didácticas, sinalización do edificio, rótulos identificadores da colección de arte e demais recursos elaborados polo Parlamento.
- Cooperación por parte do Parlamento de Galicia, nas actuacións que, co propósito de sensibilización da sociedade, leve a cabo a ONCE para a promoción da plena integración laboral das persoas con discapacidade visual e do deseño para todos e accesibilidade universal, contribuíndo deste xeito a romper barreiras mentais para a integración social das persoas con discapacidade.

#### Terceira.- Financiamento

A sinatura deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. Se for o caso, determinaranse nos correspondentes convenios de colaboración que deriven deste protocolo.

#### Cuarta.- Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para fazer públicos a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen, os datos referidos ao seu contido de

conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

No relativo ás actividades expositivas, divulgativas, de asesoramento ou apoio e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo, farase constar a colaboración de ambas as partes e utilizarase, de proceder, a identidade corporativa de cada unha das partes.

#### **Quinta.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de optimizar e valorar os resultados deste protocolo, crearase unha comisión de coordinación e seguimento integrada por dous representantes do Parlamento de Galicia, un dos cales a presidirá, e por dous representantes da ONCE. Esta comisión coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cuntas dúbidas puideren xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do protocolo.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- A facultade de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das accións acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

#### **Sexta.- Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución**

O presente protocolo producirá efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- Incumprimento grave por calquera das partes dos acordos do Protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste Protocolo de acordo mutuo.

#### Sétima.- Natureza xurídica e resolución de conflitos



Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

Mediante a sinatura deste protocolo, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da comisión de seguimento os desacordos que poidan xurdir no seu cumprimento ou interpretación. As cuestións litixiosas que xurdan entre a partes durante desenvolvemento e execución do presente protocolo e que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

#### Oitava.- Protección de datos de carácter persoal

Ao abeiro do establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as partes autorizan a incorporación aos ficheiros das entidades asinantes do presente documento de todos os datos persoais contidos nel para o exercicio das funcións propias da cada entidade relacionadas co obxecto do presente protocolo.

A parte que entrega os datos obrégase a informar de forma clara e inequívoca de todos estes extremos aos seus representantes, así como de que os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, oposición,



rectificación, supresión e limitación do tratamento, respecto dos datos tratados no ficheiros, dirixíndose por escrito a: Parlamento de Galicia, con domicilio en Rúa do Hórreo, 63, Santiago de Compostela, 15.701 - A Coruña, ou mediante correo electrónico a: pdcp@parlamentodegalicia.gal, e ante a Dirección Geral de la ONCE á: Rúa Prado, 24, 28014 - Madrid ou no correo electrónico dpdatos@once.es, incluíndo o seu nome e apelidos, petición na que se concreta a solicitude, endereço para efectos de notificacións, data, sinatura e fotocopia do DNI ou outro documento válido que os identifique.

Se no futuro for necesario para a execución do Protocolo que as partes se comuniquen datos persoais que deban ser obxecto de tratamento nos ficheiros dos que resultan responsables, aquelas comprométense a formalizar o correspondente contrato de encargo de tratamento que recolla as cláusulas que rexerán o dito encargo.

#### Novena.- Transparencia e bo governo

A sinatura deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que o Parlamento de Galicia poida fazer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

En proba de conformidade asinan este protocolo de colaboración por triplicado en Santiago de Compostela o 14 de xullo de 2020.



PARLAMENTO  
DE GALICIA

PRESIDENCIA



**Miguel Ángel Santalices Vieira,**

presidente do Parlamento de Galicia

**Manuel Martínez Pan,**

delegado territorial de Galicia da ONCE



8/8